



Documentación complementaria a achegar xunto coa solicitude xenérica PR004A para obter autorización para: manipulación da carga, que comprende a carga, a estiba, a descarga, a desestiba e o transbordo de mercadorías, namentres non se sexa publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia o procedemento específico.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1. Anexo I, modelo solicitude, segundo modelo do anexo
2. Acreditación da solvencia económica e financeira: No suposto de que o solicitante non poida acreditar un volume anual de negocio, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos enteiros disponibles, cunha contía non inferior a 100.000 €, deberá achegar xustificante de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente.
3. A acreditación de solvencia realizase mediante declaración efectuada no propio modelo de solicitude, podendo requirir Portos de Galicia aqueles documentos que estime oportunos para a súa comprobación.
4. Documentación gráfica onde se localice a superficie solicitada para depósito da maquinaria.
5. Documentación xustificativa de ter constituída garantía na Caixa Xeral de Depósitos de 12.000 € (non necesario en caso de prorroga). No suposto de presentar solicitudes en varias zonas admitirse a achega do mesmo depósito de fianza para todas as solicitudes.
6. Persoa xurídica: Escritura acreditativa da constitución da sociedade inscrita no rexistro mercantil.
7. Persoa xurídica: poder de representación outorgado a favor do solicitante debidamente verificada a súa suficiencia, e inscrito, se é o caso, no rexistro pertinente, agás que a representación se desprenda dos documentos anteriormente citados.
8. Portos de Galicia poderá requisitar outra documentación complementaria si a considera necesaria e a súa esixencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

Ademais deberán achegar:

9. DNI/NIE da persoa solicitante
10. DNI/NIE da persoa representante
11. NIF da entidade solicitante
12. Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
13. Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma
14. NIF da entidade solicitante
15. Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT Imposto de Actividades Económicas (IAE)



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada,

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.